



**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO
PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN PARA INVESTIGACIÓN SOBRE IMPACTOS DO CAMBIO
CLIMÁTICO E ADAPTACIÓN DO MARISQUEO (PESQUERÍA DO PERCEBE) EN GALICIA.**

En Santiago de Compostela , 01 MAR. 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 8 de setembro de 2017 de delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG nº 180)

Doutra parte, Dona María Asunción Longo González en nome e representación da Universidade de Vigo, segundo o Decreto 62/2014 do 28 de maio da Xunta de Galicia (DOG 04/06/2017), con poderes suficientes para a celebración desta acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro (BOE do 24/12/2001, e no artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 02/02/2010)

Os intervinientes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria para a formalización do presente acordo de colaboración e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas ás Universidades públicas, os Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras Administracións Públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir acordos e convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo.

SEGUNDO.- Que, así mesmo, o devandito artigo 34.1 da citada Lei prevé que poderán celebrar estes acordos, os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica e uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.





TERCEIRO.- Que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, forma parte da Consellería do Mar de acordo o Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar. Segundo o disposto neste decreto a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exerce as funcións de ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sostible dos recursos marisqueiros, así como investigación mariña, que se desenvolve en coordinación coa Consellería competente en materia de investigación y desenvolvemento tecnolóxico.

CUARTO.- Que a Universidade de Vigo como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade de Vigo manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de acordos de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

QUINTO.- Que o Grupo de Investigación Future Oceans (FOL) da Universidade de Vigo dirixido pola Dra. Elena Ojea Fernández-Colmeiro ten entre as súas principais liñas de investigación a avaliación dos impactos socioeconómicos do cambio climático e a adaptación social, económica e institucional a ditos impactos no medio mariño. Para elo, desenvolve ciencia innovadora con alto impacto internacional, tanto para o avance científico como para a súa integración nas políticas de xestión, traballando en diferentes áreas xeográficas e colaborando con investigadores de grupos internacionais. Na actualidade FOL desenvolve un proxecto ERC Starting Grant (CLOCK: Climate Adaptation to Shifting Stocks) do Consello Europeo de Investigación, no que entre os seus obxectivos ten o desenvolvemento dun caso de estudo no marisqueo en Galicia.

SEXTO.- Que para consolidar a investigación do grupo de investigación FOL no sistema pesqueiro en Galicia, para desenvolver con éxito os obxectivos do proxecto ERC CLOCK en Galicia, e para reverter os resultados da investigación na comunidade pesqueira da comunidade Galega, ambas institucións determinan subscribir o presente acordo que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto do acordo de colaboración e finalidade

É obxecto do presente acordo establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e o grupo FOL para o intercambio dos datos necesarios sobre o marisqueo en Galicia, incluída a pesquería do percebe, para a realización de tarefas de investigación sobre impactos do cambio climático e adaptación en Galicia, e o conseguinte intercambio de información entre ambas entidades para o estudo científico. As actuacións realizadas por FOL seguirán o programa de traballo que se recolle no Anexo I.

Co fin de acadar os obxectivos do presente acordo os asinantes colaborarán en todo momento conforme a os principios de boa fe e eficacia, para que os traballos obxecto deste convenio poidan ser realizados con éxito e asegurar unha correcta execución do pactado.

DECLARACIÓN: Para facer constar que a
pesquisa foi realizada no marco do
seu orixinal, co que concorda fielmente
Santiago, 14-3-2018



Assin.: Ramiro Varela Loech



SEGUNDA.- Duración e prórroga

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha duración ata o 29 de setembro de 2021. As partes poderán acordar a súa prórroga antes da finalización do anterior prazo e por unha duración igual ou inferior á que se pactou inicialmente (4 anos), salvo comunicación expresa en contrario con 30 días de antelación a data de remate.

TERCEIRA.- Responsables do traballo e comisión de seguimento

Por parte da Universidade de Vigo serán responsables das actividades obxecto do presente acordo, D^a Elena Ojea Fernández-Colmeiro, Investigadora ERC e D^a Alba Aguión Tarrío, investigadora FPU, que ademais deberán asistir as reunións necesarias para o desenvolvemento da acción de investigación e o contacto coas asistencia técnicas, e elaborar informes de solicitude de datos e resultados obtidos.

Por parte da Consellería do Mar, a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e o xefe/a de Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros serán as persoas encargadas da recepción dos oportunos informes.

O equipo de traballo da Universidade de Vigo para o desenvolvemento do presente acordo é o recollido no Anexo II.

Tales responsables do traballo constituirán a comisión de seguimento, que viviará e controlará o cumprimento do acordo e resolverá os problemas de interpretación.

CUARTA.- Presentación de resultados e informes

Os responsables da Universidade de Vigo informarán periodicamente o xefe/a do Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da marcha dos traballos realizados mediante a emisión dun informe na metade da vixencia do acordo (segundo ano) e no final do acordo (cuarto ano) con independencia doutros informes puntuais que poidan ser requiridos ao longo do período de vixencia.

QUINTA.- Propiedade dos datos e da difusión dos resultados

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a Universidade de Vigo manterán a confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados, sempre que non sexa de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente acordo.

O tratamento dos datos por parte do grupo de investigación FOL será con fines unicamente científicos.

No caso de ser necesario, solicitaranse autorizacións ou permisos especiais ás confrarías ou entidades do sector pesqueiro e marisqueiro estudadas para ter o seu consentimento no intercambio de información entre as dúas partes do acordo.

DILIXENCIA: A presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, co que concorda fielmente
Santiago, 14-3-2018



Asdo.: Ramiro Verde Loada



O tratamento dos datos farase de forma anónima e en ningún caso se tratarán datos de carácter persoal.

Os resultados obtidos en ningún caso revelarán información privada, estratéxica ou comprometida para as confrarías implicadas, ni para a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Se os resultados obtidos foran susceptibles de provocar un impacto non desexable para unha localidade en concreto, un colectivo ou un individuo, se trataría de evitar dito compromiso e no caso de non ser posible chegaríase a un acordo coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería do Mar e a Universidade de Vigo, tal e como se recolle nos artigos 53 e seguintes da Lei de Economía Sustentable do 4 de marzo de 2011. Ambas as partes, unha vez executadas as investigacións descritas, se comprometen a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas na acción de investigación e os resultados das análises son froito do presente acordo de colaboración.

SEXTA.- Do dereito moral dos investigadores

Na publicación, no seu caso, dos resultados da acción de investigación deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade dita información para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade a outra parte por escrito que, a súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, considerárase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron na súa obtención, así como a súa pertenza ás institucións de que dependen.

No suposto de resultados susceptibles de protección así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso ambas entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización da acción de investigación en actividades propias da súa función investigadora.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co seu orixinal, co que concorda fielmente Santiago, 14.3.2018



Assin: Ramiro Varela Loada



SÉTIMA.- Autorización para a publicación dos datos dos asinantes no portal de transparencia

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

OITAVA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

Se no desenvolvemento das actividades obxecto deste acordo aparecen circunstancias que aconsellasen a súa modificación, esta poderá ser aprobada pola persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro previa solicitude e xustificación da proposta, sempre que dita modificación teña a conformidade do coordinador do acordo.

O incumprimento por calquera das dúas partes das obrigas contraídas no presente acordo, facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto da investigación.

O acordo poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de dous meses. Neste caso continuaránse as actividades que se estean realizando ata a súa finalización, non podendo iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo.

NOVENA.- Xurisdición


En caso de controversia sobre a interpretación das cláusulas deste acordo, estas resolveranse no seo da Comisión de seguimento mencionada na cláusula TERCEIRA. En caso de persistir o conflito este resolverase perante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Natureza e carácter do acordo de colaboración


O presente acordo de colaboración ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación e, en concreto, a Lei de réxime xurídico do sector público e texto refundido da Lei de contratos do sector público.

E para que así conste para os efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento, por duplicado e a un só efecto e tenor, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DO MAR

A CONSELLEIRA
P.D. Orde 08/09/17 (D.O.G. 21/09/17)
ADIRECTORAXERAL DE DESENVOLVIMENTO PESQUEIRO

Asdo. Susana Rodríguez Carballo
Susana Rodríguez Carballo

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO


DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia foi compulsada co original en Santiago, 14 de marzo de 2018.
Asdo. María Asunción Longo González

Asdo. Emilio Varela Loreda



ANEXO I

PROGRAMA DE TRABAJO

- Establecer un marco legal de intercambio de información e datos con fines científicos;
- Manter unha comunicación continua na que FOL informará a D.X sobre os seus avances e seus resultados relacionados cos datos intercambiados;
- Acordar un marco ético para o tratamento da información cedida;
- Compartir resultados preliminares coa DX e informar da súa publicación en revistas científicas.
- Traballar coas asistencia técnicas, facendo reunións periódicas de coordinación nas que se discutirá e comunicará a investigación levada a cabo, así como a presentación de resultados científicos que poidan ser valorados para a súa incorporación á xestión. Devanditas reunións serán organizadas coa axuda da DX.

O grupo FOL fará unha valoración inicial da información dispoñible, necesaria e utilizable para os obxectivos científicos do proxecto. Para elo será necesario unha primeira exploración da información das pesqueiras, incluíndo por exemplo os plans de xestión e propostas dos técnicos das confrarías nos diferentes anos, os modelos AT2, a FTP, etc. Unha vez se explore a dispoñibilidade de información FOL elaborará un informe detallado coa información específica que solicita, que pode referirse a series históricas dun número reducido de confrarías, ou ben a un ano de tódalas confrarías, por exemplo. Este proceso poderá repetirse ao longo da vixencia do presente acordo.

ANEXO II

EQUIPO DE TRABAJO

O equipo investigador estará composto por

- **Alba Aguión Tarrío.** Bolseira da Axuda para a Formación de Profesorado Universitario (FPU) do grupo FOL do CSIM-UVIGO;
- **Julia Ameneiro Riballo.** Xestora de proxectos do grupo FOL do CSIM-UVIGO;
- **María de Oca Echarte.** Xestora de proxectos do grupo FOL do CSIM-UVIGO;
- **Elena Fontán Alende.** Investigadora do grupo FOL do CSIM-UVIGO;
- **Xiaozi Liu.** Investigadora posdoutoral do grupo FOL do CSIM-UVIGO;
- **Elena Ojea Fernández-Colmeiro.** Investigadora ERC, e IP do grupo FOL do CSIM-UVIGO ;
- **Iratxe Rubio Benito del Valle.** Investigadora do grupo FOL do CSIM-UVIGO
- **Diego Salgueiro Otero.** Investigador do grupo FOL do CSIM-UVIGO.

Os devanditos investigadores aceptan expresamente as actividades investigadoras a realizar no grupo FOL da Universidade de Vigo.

